CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura par abuscar información e comunicala. Crear contidos dixitais sinxelos. Outras culturas. Descubrimentos.	TI	90
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Participar en actividades de forma cooperativa na que teñan que responder a cuestións do pasado histórico mediante a análise e a interpretación da información. Cadros con Historia. A imprenta. Adquirir léxico básico para elaborar mapas conceptuais e ampliar o glosario de área.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Analizar elementos identificativos da arquitectura desta época na súa contorna.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Coñecer o patrimonio cultural desta época histórica. Amosar actitudes de mellora e conservación do mesmo mediante a participación en actividades de descubrimento do pasado da cidade. Barroco		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida da sociedade da Idade Moderna. Coñecer o papel da muller nesa época e feitos de mulleres relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.

Contidos

- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área traballarase de xeito competencial co fin de que o alumnado acade un maior grao de protagonismo e que o coñecemento se transforme en acción aplicándoo a proxectos reais próximos .

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa.

As propostas terán un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

Utilizarase a contorna coma espazo e recurso para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

Do mesmo xeito a prensa será un recurso que permitirá abordar diferentes temáticas de interese para o alumnado e contribuir a unha aprendizaxe significativa.

Desenvolveranse propostas que tentan crear un clima afectivo no seo da familia e coidar o aspecto emocional.

Destacar nesta liña de traballo o interese por seguir potenciando a coordinación familia-escola a través dun contacto estreito entre ámbalas dúas partes.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Respecto a este último indicar que a clase estará organizada en pequenos grupos de traballo colaborativo co fin de potenciar a titoría entre iguais, as habilidades sociais, como medio para asimilar as regras que conforman unha boa convivencia e instrumento fundamental da educación en valores, aprender a ser.(chegar a acordos e tomar decisións) e reforzar aspectos de contido que axuden a consolidar aínda máis todo o traballado.

Potenciarase a creación dun clima de aula favorable ao diálogo, a participación e ao intercambio de ideas onde a afectividade ten un peso importante. Considerarase a organización dos coñecementos coa axuda do grupo tendo en conta as novas informacións.(Sesión de titoría e asemblea semanal)

Por outra banda desenvolveranse propostas de traballo colaborativo interniveis con proxectos de centro e tarefas programadas con este fin.

Seguirase fomentando o desenvolvemento de actividades orais de diálogo, debate, exposición de vivencias.

Indicar que a metodoloxía para a ensinanza aprendizaxe dos distintos contidos presentase a modo orientativo:

Segundo o tema variarase a secuenciación , presentación de contido.

1- Observación de ilustracións, pequenas presentacións (vídeo) do contido sacando as súas conclusións e verbalizando ideas máis importantes.

2- Comprobación dos coñecementos previos (coloquio, que sabemos? propostas de tarefas de investigación sobre o que queremos coñecer) e introdución nos distintos contidos.

3- Vocabulario específico.(glosario de área)

4- Traballo a través de actividades ou tarefas simples de cada un dos contidos.

5- Realización de esquemas e mapas conceptuais. Interpretación e exposición.

6- Presentación de actividades de ampliación(retos, investigación)

7- Realización de tarefas integradas e pequenos proxectos que conleven: construción de gráficos, traballos cartográficos, traballos de campo e posterior realización de gráficos, sinxelos estudos estadísticos, análise de obras artísticas...)

Aparte de aquelas actividades ou pequenas tarefas que poidan xurdir de propostas da contorna, asociacións, conmemoracións...ou tarefas relacionadas co PDI do curso (INTERCULTURALIDADE)

En cada trimestre, realizaremos unha actividade ou proxecto relacionado coas unidades didácticas traballadas:

- 1º Trimestre: Realizar unha ruta (uso de plano, maps) e un estudo sobre a fauna e a flora do lugar.(Monte Pedroso)
 Ao longo do mes de decembro e con motivo da celebración da Constitución afondaremos na análise de artigos que fan referencia á Lingua, nacionalidade. Por outra banda a celebración do Día Universal da Infancia, así coma o Día da Declaración de Dereitos Humanos serán datas nas que se desenvolverá actividade de debate e reflexión sobre o dereito a igualdade, inclusión na primeira (Asemblea de Centro) e actividade de coloquio con familias migrantes na segunda conmemoración(PDI)
- 2º Trimestre: Realizar unha campaña de consumo responsable. Así mesmo participaremos no proxecto de horto escolar (alimentación saudable)
- 3º Trimestre: Elaborar unha guía (tríptico) ou titorial (presentación) que recolla aquelas testemuñas do paso do tempo (Medievo) da cidade .

A metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto. Editorial SM Tamén outros materiais doutras editoriais. Impreso e dixital
Ordenador de aula e pizarra dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Computadores (Sala informática) , portátiles e tabletas.
Programa Scratch
Globo Terráqueo
Mapas ,planisferios e maquetas.
Libreta ou caderno , carpeta de grupo e caderno de campo.
Writer // Word
Impress // Powerpoint//Camba
Fotografía ,cine, teatro e video
Google Earth
Educaplay
Casa e familia
Prensa escrita e dixital
Instrumentos de medición.
A contorna .
Literatura e textos de diferente índole.

Enlaces a páxinas web con contidos de Xeografía e Historia.
A cidade
A propia escola(diferentes espazos de actividade)
Familia
Plataformas dixitais

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa e significativa. Utilizarase a contorna como recurso fundamental para a comprensión de contidos que se poden extrapolar a outras realidades.

A familia seá un recurso imprescindible coma fonte de información (vivencias, opinións, proposta de actividade...)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao longo do mes de setembro realizarase a Avaliación Inicial co obxectivo de comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Esta avaliación centrarase na valoración da adquisición de aprendizaxes básicas do curso anterior para observar o grao de desenvolvemento das distintas capacidades e como punto de partida do desenvolvemento de novas aprendizaxes. Para iso realizaranse actividades baseadas nos contidos procedimentais: orientación e lateralidade, capacidade de abstracción, tratamento de información, uso de TICs, lectura de mapas, interpretación de gráficos, lectura comprensiva de textos ...) repaso de vocabulario específico de área e aqueles conceptos básicos necesarios para a comprensión doutros máis amplos.

Informarase sobre as normas de comportamento e actitudes, e elaboraranse as normas de aula.

Así mesmo observarase o grao de motivación da materia e recolleranse suxerencias sobre o desenvolvemento da área.

Polo xeral farase unha presentación dos obxectivos e aspectos a traballar partindo do que coñecen. Isto permitirá ao alumnado ser coñecedor/a do que pretendemos aprender e proporcionarlle autonomía para organizar o seu traballo.

Así mesmo utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Diálogo sobre tema(participación, razoamento, argumentación)
- Obsevación directa en aula (participación, realización das tarefas, iniciativa na resolución de traballos, plantexamento de dúbidas, colaboración nas tarefas conxuntas, axuda aos compañeiros/as, actitude..) aportará información do punto de partida.
- A observación durante a organización e desenvolvemento de tarefas relacionadas cos centros de interese aportarán información para esta avaliación inicial en canto a aspectos relacionados coa organización do traballo e autonomía persoal.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísctas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	15	15	14	14	10	10	100
Proba escrita	20	10	20	20	25	30	10	10	19
Táboa de indicadores	80	90	80	80	75	70	90	90	81

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar os contidos de cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores e valorarase o proceso de adquisición das aprendizaxes relativas a ese centro de interese ou tema.

Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao longo do desenvolvemento dae cada centro de interese.

A continuación indícanse os criterios de cualificación e as porcentaxes asignadas a cada instrumento de avaliación:

- Probas de avaliación: orais, escritas, traballos e portfolio pautado: 35%
- Traballo diario individual e cooperativo: tarefas da casa, caderno, fichas e exercicios: 35%
- Actitude: respecto polas normas, esforzo, interese, participación:30%

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Nesta etapa da Educación Primaria deberase poñer especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Para levar a cabo a atención ao alumnado personalizada e respectuosa cos diferentes ritmos na avaliación inicial do grupo teremos en conta os seguintes aspectos:

Descrición do grupo despois da avaliación inicial.

Indicar que partimos dun coñecemento previo do grupo ao participar co mesmo en actividades desenvolvidas o curso pasado.

Segundo a información do curso anterior e logo da avaliación inicial durante este mes de setembro este grupo presenta as seguintes características:

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

-Nº de alumnos/as: 25

-Funcionamento do grupo: participativo. A mosha unha boa actitude. Heteroxéneo tanto pola forma de aprender como a nivel curricular. É un grupo que tarda demasiado tempo no cambio de actividade .A atención en momentos puntuais é boa , non obstante a comprensión das instrucións é dispar. Interven para facer aclaracións e preguntas que as veces non teñen que ver co tema do que se está a falar.

É un grupo participativo aínda que lle costa manter a quenda de palabra.

- Fortalezas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares.

Funciona coma un grupo traballador, participativo. A relación entre os membros do grupo é boa en xeral. Colaboran no desenvolvemento das actividades grupais e amosan actitudes de compañeirismo co alumnado que pode necesitar axuda.

- Necesidades.

Necesitan reforzar comprensión, en concreto de enunciados e instrucións.Maior concentración, tempos de silencio, intervencións para solventar dúbidas, actividades de razoamento, técnicas de estudo e traballo intelectual, mellorar a organización do traballo grupal.

Neste grupo estuda alumnado que necesitou reforzo educativo o curso pasado en aspectos coma comprensión e expresión. Así mesmo hai un alumno con necesidades específicas de apoio educativo (ACI) , para o que se recolle na programación medidas específicas.

Medidas para solventalas:

A proposta de actividade farase tentando que verbalicen cal é a intención da mesma, pautas de execución. Tentaremos que participen en orden o maior número de alumnxs gardando quenda de intervención e escoitando de maneira activa aos compañeirxs. Propoñeránselle actividades onde deban razoar, inferir e argumentar a súa elección ou opinión.

A aula está distribuída en pequenos grupos de traballo que pretenden fomentar o traballo colaborativo e a titoría entre iguais.

A observación (registro de incidencias), actividades de posta en común de como se desenvolveu a actividade,servirán para avaliar a eficacia das medidas tomadas.

- Fortalezas do grupo en canto a aspectos competenciais.

Preséntase como un grupo activo e participativo. Cun nivel de autonomía aceptable no desenvolvemento das tarefas.

A súa actitude e interese por aprender é boa. Motívase con facilidade.

-Necesidades.Medidas para mellorar as competencias.

Traballaranse todo tipo de textos co fin de mellorar a competencia lectora.

Reforzaranse a comprensión de textos e a ampliación de vocabulario de área.

Utilizaranse diferentes recursos que resulten motivadores para o alumnado.

Proposta variada de tarefas..

Realizaranse actividades orais que lles obriguen a utilizar conectores e expresarse co vocabulario propio de área, intervir con respecto, escoitar atentamente outras aportacións.

Desenvolvemento de técnicas de traballo e estudo. Flexibilización horaria para aqueles alumnos/as que o necesiten.

Recolleranse aquelas suxerencias, prpostas novas, decisións sobre cambios no desenvolvemento da tarefa co fin de fomentar autonomía e protagonismo na aprendizaxe

Seguiremos traballando a organización grupal en aula onde cada quen ten un papel necesario e importante., proposta de actividades en grupo,autoavaliación do traballo, coloquio en asemblea semanal.(estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...).

Ao longo do mes de setembro seguiremos reforzando o uso das plataformas dixitais, enlaces e recursos audiovisuais cos que se traballará ao longo do curso.Pretendemos que vaian gañando autonomía na utilización deste recurso e acaden obxectivos relacionados coa competencia dixital.

Necesidades individuais

Partindo da información aportada polo titor de 4º, ao longo do mes de setembro e primeira metade de outubro, realizarase un seguimento individualizado de aquel alumnado con necesidade de apoio educativo para establecer pautas de reforzo e atención por parte da mestra de AL, de ser o caso, ou do profesorado que desenvolverá esta tarefa.

Centraremos a atención nos aspectos seguintes:

-Alumnado que necesita un maior seguimento ou personalización das estratexias na súa aprendizaxe. Alumnado con dificultades de atención, comprensión e razoamento e dous alumnado de altas capacidades.

-Medidas organizativas a adoptar en canto a:

- . planificación de reforzos (horarios)
- . distribución de espazos para traballo máis personalizado
- . xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

Os reforzos realizaranse en aula agás momentos puntuais nos que a tarefa do grupo poida impedir o seu desenvolvemento. Dispoñemos dun espazo ao carón de aula onde se ubica a Biblioteca do Centro. Este será utilizado para o traballo individualizado con aqueles/as alumnxs que o necesitan. A intervención individual farase en aqueles tempos no que o grupo poida traballar de maneira autónoma.

A atención será realizada pola profesora de AL, titor e profesorado de apoio. Para seguimento da intervención diseñárase un calendario de reunións entre titora e AL(coordinadora) co fin programar, adoptar medidas, coordinar e informar da evolución do alumnado.

Destacar que a intervención será revisable mensualmente.

-Medidas curriculares. Recursos a empregar.Utilizarase a flexibilización do currículo para aqueles casos que o requiran.

Destacar que,segundo o seu grado de dificultade, a intervención farase no Centro (AL e profesorado asinado para tal fin) ou fóra do mesmo (gabinetes psicopedagóxicos, logopedas)

Informar que, ao non existir departamento de Orientación no Centro, a avaliación psicopedagóxica e probas pertinentes serán solicitadas ao E. de Orientación do instituto ao que está adscrito o centro (IES Antón Fraguas) seguindo o protocolo establecido para este fin e, de ser o caso ao EOE de Coruña.

A información recollida nesta avaliación inicial utilizarase como base para deseñar actividades de reforzo e ampliación segundo os casos.

Algún dos recursos a utilizar para tal fin serán:

- Actividades individuais de repaso, reforzo (lectura comprensiva de textos en diferentes formatos relacionados coas ciencias sociais, vocabulario específico de área, lectura de ilustracións, análise sinxelos de procesos e posterior conclusión, uso das TIC)
- Fichas individuais de repaso, reforzo dos contidos conceptuais e instrumentais básicos.
- Programa de Técnicas de traballo e Estudo.(reforzando aqueles aspectos nos que presenta dificultade: esquemas, resumo de ideas principais, palabras clave, vocabulario específico...)
- Propostas de retos.¿LIST@S COMA ALLOS¿ (recurcho de diversificación)ou actividades d investigación daqueles temas que suscitaron interese.
- Tarefas de ampliación daqueles contidos traballados (Uso da rede, retos, gamificación, profundización en algún aspecto de interese para o alumnado)
- Utilización de material interactivo (xogos educativos na rede)
- Deseño de proxectos e tarefas que pretenden contextualizar a aprendizaxe,potenciar o traballo colaborativo, motivar e fomentar a titoría entre iguais: horto escolar, hábitos de vida saudable, elaboración de menús equilibrados, campañas de medio ambiente,consumo responsable¿
- Elaboración de diarios de traballo do grupo.
- Análise de publicidade e realización de carteis publicitarios.
- Utilización de material interactivo (apps e enlaces a páxinas web)
- Recollida de observacións da contorna e posterior análise e valoración.
- Traballos plásticos sobre temas que suscitaron interese
- Realización de dramatizacións e pequenas obras de teatro e títeres.
- Visionado de películas e documentais con posterior coloquio, reflexión.

Medidas ordinarias. Actividades de reforzo, recuperación e ampliación.

Algunhas das propostas xiran arredor da:

- Realización de esquemas, mapas conceptuais e cadros resumo para facilitar a aprendizaxe.
- Realización de fichas de reforzo e avaliación baseadas nos conceptos procedimentais, vocabulario específico , definición de conceptos)
- Realización de gráficos e maquetas.
- Realización de traballos con guión de búsqueda de información na rede.
- Realización mapas conceptuais. Glosario de área
- Realización de actividades plásticas que recollan contidos traballados.

Así mesmo elaborase material específico como: fichas con vocabulario para elaborar mapas conceptuais, selección de textos de diferentes formatos e temas relacionadas cos contidos tratados para a súa lectura e análise, actividades de

recollida de datos, actividades de observación con elaboración de sinxelas conclusións, visionado de películas e documentais con posterior reflexión...

O plantexamento destas actividades de reforzo, ten como fin acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxes plantexados para o curso. Serán desenvolvidas na propia aula de forma individual polo alumnado ou como tarefa de traballo e estudo da casa e supervisados pola mestra. Para o alumnado con dificultades de conectividade utilizarase a sesión de Convivencia (fóra de horario lectivo)

Para aqueles alumnxs con dificultades na materia levarase a cabo reforzo individualizo onde se lle adaptarán as actividades ou cambio na proposta, metodoloxía e /ou recursos para facilitar o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Desenvolveranse actividades específicas que teñen como fin solventar aquelas lagoas e dificultades que provocaron esa situación. (Actividades baseadas fundamentalmente no repaso dos conceptos procedimentais , lectura comprensiva de textos relacionados co contido traballado, vocabulario , variacións na metodoloxía, novos recursos) Será desenvolvido polo propio alumnado baixo supervisión da titora.

Destacar que terá un peso importante a implicación dos alumnos e alumnas no proceso de aprendizaxe (aspecto actitudinal).

A través da avaliación das actividades antes mencionadas irase comprobando o grao de consecución de obxectivos do curso anterior.

Ao remate de curso cubrirase polo profesorado que levou a cabo ese reforzo o Anexo I da Orde do 8 de setembro de 2021: Informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo.

Adaptacións Curriculares

Segundo o disposto na orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral, no caso de detectar que algún alumno/a non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe, e despois de esgotar outras medidas ordinarias de intervención educativa, informaría do caso ao departamento de orientación ou equipo psicopedagóxico ao que está adscrito o centro, que serían os encargados de realizar unha avaliación diagnóstica e a partir dos resultados da mesma e coa autorización da Inspección Educativa, establecer a conveniencia de dita adaptación así coma que elementos do currículo van ser modificados.

Este curso volverase a solicitar a renovación de ACI para un alumno deste grupo co fin de deseñar unha programación que se adapte as súas necesidades. Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 concretar que esta foi desenvolvida polo profesorado das diferentes materias en colaboración coa mestra de AL.

Os referentes para a súa avaliación son os que nela aparecen. Avaliación realizada polos mestres que imparten no grupo de 5º de Primaria coa aportación da mestra de AI que é quen lle reforza os contidos que aparecen na Adaptación.

A revisión realízase de forma periódica. No boletín anexamos, ademáis da nota numérica, informe de carácter cualitativo coa información aportada polo equipo implicado na AC.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora: Comprender o sentido dos textos escritos en diferentes formatos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita:utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, de interpretación, de comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual: utilización deste recurso para informarnos, comunicar, concienciar e debater sobre aspectos relacionados co consumo, sustentabilidade, convivencia, igualdade, patrimonio natural e cultural.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital: facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para avaliar e seleccionar novas fontes de información para comprender a realidade social na que vivimos contribuíndo á melloraTransformar a información en coñecemento para aplicalo en distintas situacións e contextos nos que o alumnado se vaia encontrando.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade: fomentarase esta capacidade para inventar ou xerar "ideas" orixinais, de cara a afrontar diferentes aspectos da aprendizaxe.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento: fomento da transformación de ideas en accións, é dicir, propoñerse obxectivos, planificar e levar a cabo proxectos. Isto lévanos a adestrar actitudes positivas cara ao cambio e a innovación; habilidades relacionadas co liderado de proxectos que inclúen visión, espírito de superación, habilidades para o diálogo e cooperación, organización de tarefas...	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos: Desenvolver habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía, empregando unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres: promoverase en todo momento actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas . Desenvolveranse tarefas concretas para o 25 N. e o 8M.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable: abordarase a través de campañas de aforro enerxético, uso de materiais escolares, actividades que supoñan unha reflexión sobre os desexos e as necesidades. Economía verde			X	X				
ET.10 - Desenvolvemento sustentable: tomar conciencia de que o aproveitamento dos bens e recursos debe respectar un equilibrio coa natureza. valorar, protexer e amosar actitudes de conservación do patrimonio natural e cultural a través de propostas de compromiso coa sustentabilidade.s	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual: abordarase de maneira específica cun proxecto iniciativa do Concello de Santiago (Melibea) e os proxectos interniveis programados para este curso que teñen o horto escolar e a práctica de deporte ao aire libre coma protagonista. Crear hábitos de vida saudable.				X			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.12 - Educación emocional e en valores: abordárase en todos os ámbitos co fin de crear un espazo afectivo seguro	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito: comprensión da realidade social na que se vive. A súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo. Desenvólvese tamén un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.					X	X		
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual. A transversalidade deste contido esixe que se aborde en todos os ámbitos da aprendizaxe.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Valoración da diversidade etnocultural como enriquecedora da sociedade. Necesidade de fomentar a empatía, e unha actitude inclusiva.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos contidos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

O desenvolvemento das situacións de aprendizaxe nesta área de xeito globalizado favorece que se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos, educación emocional e en valores, igualdade... estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, diversidade etnocultural ou educación para a saúde serán abordados en proxectos interdisciplinares.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Fortaleza de Rocha Vella	Coñecer e valorar o patrimonio cultural da contorna. O Medieval na cidade de Santiago.			X
Percorrido polo espazo verde da cidade. Roteiro do río Sar	Descubrir o patrimonio natural. Relacións entre sociedade (utilización do espazo) e natureza. Coñecer aspectos da flora e fauna da contorna.		X	
.Obradoiro-charla . Meteogalicia	Observación e Estudo de características medioambientais da cidade: contaminación acústica, visual, lumínica.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no proxecto do horto escolar. Actividade interniveis.	Concienciar sobre o consumo de alimentos saudables. Aproveitamento sustentable.	X	X	X
Obradoiro Escola de Consumo. Publicidade e dereitos dos consumidores.	Promover actitudes de igualdade de xénero. Desenvolver o espírito crítico no consumo de bens e servizos. Coñecer os nosos dereitos.		X	
Actividades de cine, teatro, música, visita a exposicións.	Co obxectivo de disfrute e coñecemento de aspectos da cultura.	X	X	X
Visita aos museos tecnolóxicos de A Coruña	Descubrir aspectos do mundo da tecnoloxía e os usos para cubrir necesidades e mellorar a sociedade.			X
Visita a un xornal. Participación no programa Prensa-Escola.	Coñecer in situ onde e como se elaboran as novas. Utilizar un medio de comunicación para desenvolver aprendizaxe significativa.			X
Andaina ao monte Pedroso.	Participar dunha festa tradicional: Magosto. Realizar unha observación da paisaxe urbana (ocupación do espazo) observación e valoración do patrimonio natural da nosa cidade.	X		
Participación no proxecto "Melibea" de educación afectivo-sexual	Descubrimento da propia identidade. Creación de relacións igualitarias. Coñecemento da diversidade e respecto pola mesma.			X
Participación proxecto medioambiental: CEIDA	Maletas climáticas. Lectura de obras relacionadas co medioambiente e a súa conservación.	X		
Obradoiro Acpp. Programa escolas sen racismo	Promover actitudes respectuosas coa diferenza etnocultural, inclusivas.	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivador para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Utilizo ferramentas de avaliación variadas que, ademais de avaliar obxectivos e estándares, permiten adaptarse a diferentes situacións de aprendizaxe e favorecen a metacognición Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos resultados e correccións das actividades, probas, traballos?
Reflexiono, avalío e modifíco, segundo as necesidades, a miña labor docente e tarefa durante o desenvolvemento da mesma

As unidades didácticas ríxense por unha temporalización flexible que permita a real interiorización dos contidos e durabilidade no tempo
Metodoloxía empregada
O desenvolvemento da actividade favorece a autonomía do/a alumno/a?
Implico ao alumnado nas tarefas de aprendizaxe, favorecendo a participación activa
Informo, de maneira clara, e motivo aos alumnado, comunicándolles os obxectivos a conseguir e a finalidade das actividades.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Uso de diferentes recursos e decisións organizativas no desenvolvemento da tarefa co fin de adaptalos ás necesidades do alumnado, ao seu nivel de desenvolvemento, aos seus intereses e diferentes situacións de aprendizaxe
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Creo un clima que fomente o diálogo, participación activa, empatía,... onde o reforzo positivo é o habitual
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación docente?
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso?

Descrición:

Segundo o Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Avaliar a nosa práctica permítenos coñecer o progreso no deseño das actividades de aprendizaxe así como tomar medidas para reconducilo. A súa vez tomar conciencia da nosa labor como docentes e obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Distinguiremos tres momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD , ao remate da mesma e ao remate do trimestre.

Consideramos importante a valoración do alumnado respecto a nosa práctica docente. A seguinte táboa recolle aspectos que nos permitirán avaliar a nosa práctica.

Esta recollerá os seguintes aspectos:

1. Como traballamos na clase de Ciencias Sociais

- Entendo ao profesor/a cando explica
- As explicacións parécenme interesantes
- As explicacións parécenme amenas
- O profesor/a explica só do libro
- Emprega outros recursos ademáis do libro
- Pregunto o que non entendo
- Realizamos tarefas en grupo
- Utilizamos espazos diferentes á aula

2. Como son as actividades

- As preguntas correspóndense coas explicacións

- O/A profesor/a pregunta só do libro
- As preguntas son claras
- As actividades corríxense na clase
- As actividades, en xeral, son atractivas e participativas
- En ocasións teño que consultar outras fontes de información
- Mándanme demasiadas actividades

3. Como é a avaliación

- As preguntas dos controis están claras
- O que me preguntan dímolos na clase
- Teño tempo suficiente para contestar as preguntas
- Fago demasiados controis
- Os controis sírvenme para comprobar o que aprendín
- Participo da súa corrección
- Os controis compróbanse logo na clase
- Valórase o meu comportamento na clase
- Teñen en conta o meu traballo diario en clase
- Creo que, en xeral, a valoración do meu traballo é xusta

4. Como é o ambiente da clase nesta materia

- Nesta clase hai un bo ambiente para aprender
- Gústame participar nas actividades de grupo
- Lévome ben cos meus compañeiros/as
- Nesta clase síntome rexeitado/a
- O trato entre nós é respectuoso
- Síntome respectado polo profesor/a
- Os conflitos os resolvemos entre todos/as
- En xeral, síntome a gusto en clase

5. Gustaríame facer e responder ás seguintes preguntas

O que me gusta desta materia é:

Porque:

O que menos me gusta é:

Porque:

6. Valoro:

Como positivo:

Como mellorable:

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Así mesmo utilizarase a revisión para adaptala a posibles proxectos e actividades que poidan ir xurdindo e que resultan de interese.

Durante o desenvolvemento das diferentes proxectos, tarefas e Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo, profesora de AL nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Utilizarase a aplicación Proens para facer un seguimento da programación e recoller as diferentes modificacións. (modificación de número de sesións, modificación de UD, reaxuste de contidos, recursos...).

9. Outros apartados